

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 13 DE DECEMBRO DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:08 horas do día 13 de decembro de 2012, baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Paineiras, don Iván Puentes Rivera, don Antón Lois Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, dona María Carmen Silvar Canosa, don José Antonio López Rodríguez, don Juventino José Trigo Rey, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Non asistiu:

Dona Rita María Couto Sejjido

Secretaria:

Dona Estefanía Manteiga Lamas.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

PUNTO PRIMEIRO.-DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O NÚMERO 996/2012 Á 1283/2012

Os concelleiros danse por informados.

PUNTO SEGUNDO.-DACIÓN DE CONTA DA INFORMACIÓN PERIÓDICA ELABORADA POLA INTERVENCIÓN DIRIXIDA AO PLENO DA CORPORACIÓN CONFORME AO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO EN SESIÓN CELEBRADA 2 DE FEBREIRO DE 2012

Os concelleiros danse por informados.

PUNTO TERCEIRO.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS MUNICIPAIS Á MESA LOCAL DE COMERCIO

Consta no expediente ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 2 votos a favor do grupo municipal do PP, 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal PSOE e 1 do grupo mixto á seguinte proposta da concellaria delegada de facenda, promoción económica e emprego:

“O Pleno do Concello de Fene acordou en sesión plenaria de 7.4.2011 a creación da mesa local de comercio coa seguinte composición:

<<Presidente: o alcalde do Concello de Fene ou concelleiro no que delegue.

Vogais:

- A persoa que nomee a única asociación de comerciantes existente no termo municipal de Fene (Asociación de comercio, hostelería e servizos O Cruceiro).

-Un representante do Concello de Fene nomeado polo Pleno entre os seus membros.

-Unha persoa representante da administración autonómica (esta con carácter voluntario).

-Ademáis, mentres non se desenvolva regulamentariamente a Lei 13/2010, do comercio interior de Galicia no que atinxe a composición, constitución e réxime de interno de funcionamento da Mesa Local do Comercio, considerando que no Concello de Fene non existen asociacións de persoas consumidoras, formará parte da Comisión, se o estima conveniente, un representante da asociación de persoas consumidoras de carácter provincial con maior número de socios e socias.
-Secretario: o do Concello ou funcionario en que delegue (con voz e sen voto).>>

No DOGA de 30.9.2011 foi publicado o Decreto 183/2011, do 15 de setembro, polo que se regulan as mesas locais de comercio, decreto que afecta á composición da mesa local de comercio e en cuxa disposición transitoria única establece un prazo de dous meses para a constitución e adecuación das mesas locais de comercio ao disposto nel.

A composición que procede para o Concello de Fene á vista do Decreto é a que regula no seu artigo 5 no que se di:

<< Artigo 5. Composición das mesas locais do comercio nos concellos que contén un número mínimo de vinte comercios retalistas ou con asociacións de comerciantes.

1. As mesas locais do comercio nos concellos que contén un número mínimo de vinte comercios retalistas ou con asociacións de comerciantes estarán compostas por:

a) O/a presidente/a, ou a persoa en quen delegue, de cada unha das asociacións locais de persoas comerciantes.

b) Unha persoa representante de cada unha das asociacións locais de persoas consumidoras.

c) O número de representantes da Administración local que sexa necesario para igualar a representación municipal coa das asociacións de persoas comerciantes e consumidoras, entre os cales figurará o/a alcalde/sa ou persoa en quen delegue, que exercerá as funcións da presidencia das mesas locais do comercio.

d) Unha persoa representante da Administración autonómica, que será designada con carácter voluntario pola consellería competente en materia de comercio.

e) Secretaría: actuará como secretario/a a persoa designada para o efecto polo concello, con voz pero sen voto.>>

O Concello de Fene conta cunha asociación local de persoas comerciantes, a Asociación de comercio, hostalería e servizos O Cruceiro, pero non de persoas consumidoras, polo que en base ao artigo 5.3 do Decreto 183/2011, o concello debe convocar a unha persoa representante dunha asociación ou federación de consumidores de carácter provincial e autonómico, propoñéndose a Asociación Provincial de Ambas de Casa, Consumidores e Usuarios, cuxa presidenta delegou a súa representación en Fene na presidenta da delegación da entidade na nosa cidade.

Visto o que antecede e que se fai preciso nomear un número de representantes da Administración Local en igual contía que o número de representantes das asociacións locais que deban participar e considerando que estas deben ser a Asociación de comercio, hostalería e servizos O Cruceiro e a Asociación Provincial de Amas de Casa, Consumidores e Usuarios, propoño ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo:

1.- Ratificar a designación como representante do Concello de Fene na Mesa Local de Comercio xunto co alcalde, ou persoa en quen delegue, feita no concelleiro don Iván Puentes Rivera en sesión plenaria de 4.7.2011.

2.- Designar como secretaria á traballadora dona M^a Belén Souto Calvete, podendo actuar como suplente, en caso de ausencia, o funcionario ou traballadora que designe a alcaldía"

Inicia o turno de intervencións o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que di que a composición da mesa deriva dun acordo de abril de 2011 tratado en Comisión e no que se partía dunha composición que se tiña pola máis lóxica e, dado que se mantén a mesma fórmula, quere que conste en acta que o seu grupo non ten problema en compartir a responsabilidade na mesa de comercio local de aquí a final de mandato co resto dos grupos da oposición.

Toma a palabra o voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, que anuncia que o seu grupo non vai facer intervencións e que propoñen que se retiren as mocións da orde do día, coa finalidade de que o pleno sexa o máis rápido posible debido á morte da nai da súa compañeira dona Rita María Couto Sejjido.

Acto seguido, intervén a concelleira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez que anuncia a abstención do seu grupo mentres o representante municipal non sexa elixido de forma rotatoria.

A continuación fai uso da palabra o concelleiro do grupo do PP, don Juan José Franco Casal, que considera posible e sen problema a rotación do representante municipal previo acordo plenario.

Remata o turno de intervencións o voceiro do grupo socialista, con Iván Rivera Puentes, que pide que conste o compromiso seu e do seu grupo de que o tempo da persoa a designar como representante municipal sexa dividido entre tres, de forma que cando se cumpla o seu tempo presentará a súa renuncia para dar paso aos outros grupos.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría absoluta de 12 votos a favor (6 do grupo do PP, 5 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións do grupo do BNG.

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

1.- Ratificar a designación como representante do Concello de Fene na Mesa Local de Comercio xunto co alcalde, ou persoa en quen delegue, feita no concelleiro don Iván Puentes Rivera en sesión plenaria de 4.7.2011.

2.- Designar como secretaria á traballadora dona M^a Belén Souto Calvete, podendo actuar como suplente, en caso de ausencia, o funcionario ou traballadora que designe a alcaldía

PUNTO CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE BAIXA POR ANULACIÓN DE CRÉDITOS 2/2012

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 3 votos a favor do grupo municipal do PP e 4 abstencións (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto):

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO.- EXPEDIENTE DE BAIXA POR ANULACION DE CREDITOS 2/12

Proponse á Comisión de Facenda, que pola mesma se dictamine favorablemente o expediente de concesión de baixa por anulación de créditos nº 2/2012, e se propoña ó Concello Pleno a adopción de acordo, con fundamento na seguinte

EXPOSICION DE MOTIVOS.

Na memoria adxunta ó expediente, expoñense as causas e razóns que motivan a presente proposta de acordo, polo que se dan aquí por reproducidas.

Visto o informe e certificados que ó respecto emitiu a Intervención municipal e que constan no expediente, sométese ó Pleno da corporación, previo dictamen da Comisión a seguinte

PROPOSTA:

1º. Aprobar o expediente nº 02/2012 de baixa por anulación de créditos por un importe global de 199881.92 €, conforme ó seguinte detalle:

Estado de Gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CREDITO INICIAL	MODIFICACIÓN PREVISTA	MODIFICACION S REALIZADA	CREDITO DEFINITIVO
933/d6/63200	3500	-199881.92	199881.92	3500

Estado de Ingresos

SUBCONCEPTO	PREVISION INICIAL	MODIFICACIÓN PREVISTA	MODIFICACION S REALIZADA	PREVISION DEFINITIVA
76100/d6	0	-199881.92	+199881.92	0.00

Fene, a 22 de outubro de 2012

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo. Gumersindo Pedro Galego Feal.”

Toma a palabra o alcalde que explica que este expediente trae causa da imposibilidade de levar a cabo a reforma da Casa de Castelao, de forma que estes cartos sexan destinados a outro proxecto.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

Aprobar o expediente nº 02/2012 de baixa por anulación de créditos por un importe global de 199881.92 €, conforme ó seguinte detalle:

Estado de Gastos

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	CREDITO INICIAL	MODIFICACIÓN PREVISTA	MODIFICACION S REALIZADA	CREDITO DEFINITIVO
933/d6/63200	3500	-199881.92	199881.92	3500

Estado de Ingresos

SUBCONCEPTO	PREVISION INICIAL	MODIFICACIÓN PREVISTA	MODIFICACION S REALIZADA	PREVISION DEFINITIVA
76100/d6	0	-199881.92	+199881.92	0.00

PUNTO QUINTO.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“MOCIÓN PARA QUE SE MODIFIQUE A LEI HIPOTECARIA E ADOPCIÓN DE MEDIDAS SOCIAIS PARA SOLUCIONAR O DRAMA DOS DESAFIUZAMENTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A crise económica, onde a burbulla inmobiliaria tivo un papel fundamental, está a provocar un aumento desmesurado de desafiuzamentos que nos pón diante dun drama social de dimensións preocupantes. Medra o número de familias que quedan sen fogar, os bancos quédanse coas vivendas, pero a débeda segue pendente. A voracidade dos bancos non se satisface cos casos

dramáticos de familias e personas que logo de pagar altas amortizacións e intereses polos préstamos son botadas fóra do seu fogar. Con casos tan vergoñentos como de familias desafiuzadas cando a penas lles quedaban por pagar 6.000 ou 10.000 euros.

Os galegos e galegas sufrimos tamén este drama. Entre xaneiro e xuño deste ano a xustiza do Estado español ten autorizado en Galiza o desafiuzamento de máis de 3.000 vivendas ou negocios por non poderlle pagar ao banco, e téñense iniciado máis de 48.000 procesos de execución que pretenden o mesmo destino, en todo o Estado. En total, desde o principio da crise en 2007, son máis de 9.000 expedientes que afectan a familias galegas que conteñen auténticas traxedias humanas e incluso suicidios, no caso do Estado.

As reunións agora entre PP e PSOE non poden ocultar que, en reiteradas ocasións desde marzo de 2011, os dous partidos opuxéronse ás alternativas subscritas polo BNG no Congreso dos Deputados. De nada valen lamentos e panos quentes a un problema que exige medidas contundentes, modificacións na lexislación hipotecaria e solucións claras e firmes.

A banca, que ten recibido miles de millóns de diñeiro público para sanear as consecuencias das súas aventuras inmobiliarias, non quere adoptar medidas voluntarias para resolver este problema. Nestes momentos de crise non concede créditos á cidadanía nin ao empresariado autónomo, pequeno ou mediano, pero en cambio son intransigente nas sumarias execucións hipotecarias que deixan na rúa familias enteiras sen contemplacións.

O BNG, ao igual que outros sectores sociais, e mesmo a xudicatura, demandan medidas legislativas e sociais para impedir este desaforo. Medidas para atender os casos máis dramáticos, para evitar o desamparo das persoas e familias en situación económica extrema. Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que proceda á modificación da Lei Hipotecaria, que teña carácter retroactivo, para dar solución ao grave drama social dos desafiuzamentos por impago das hipotecas, adoptando medidas como as seguintes:
 - Contemplar a dación en pago ou extinción do crédito coa entrega da vivenda, garantizando o aluguer social da mesma vivenda sobre todo cando existan menores ou persoas dependentes.
 - Estabelecer un réxime especial no caso da execución de préstamos cando se refire á vivenda habitual ou aos negocios comerciais.
 - Contemplar moratorias para deixar o pagamento das cotas hipotecarias temporalmente en suspenso cando se produzan circunstancias económicas difíciles como a perda de emprego ou o peche dun negocio.
 - Estabelecer a posibilidade de poder converter a hipoteca nun aluguer.
 - Estudar un procedemento concursal específico para permitir a paralización de certas execucións.
 - Modificar o réxime de taxación e aumentar a porcentaxe de adxudicación ao acredor, actualmente no 60% do valor de taxación.
2. Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado a seguinte medida de carácter social:
 - Habilitar un Fondo Económico Especial para atender os casos máis dramáticos e evitar o desamparo das persoas e as familias que se atopan en situacións económicas extremas.
3. Instar á Xunta de Galiza á
 - Creación dunha Oficina de Asesoramento para Familias ameazadas polos desafiuzamentos.
 - Creación dunha Bolsa de Vivenda Social, exixindo das entidades bancarias e de aforro que as vivendas baleiras da súa propiedade pasen a formar parte da mesma para o aluguer social ou venda a prezo taxado.
4. Remitir este acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Congreso e Parlamento de Galiza.

5. Instar á Alcaldía a adopción das seguintes medidas:

- Creación dunha Comisión Especial para atender casos de desafiuzamentos, composta por responsábeis dos Servizos Sociais municipais, portavoces municipais e plataformas contra os desafiuzamentos. Estudando a posibilidade de axudas ao aluguer, axudas para evitar o corte de subministrados básicos como auga, gas ou luz e axudas á alimentación.
- Interesar das entidades bancarias e de aforro información sobre posíbeis desafiuzamentos que afecten a familias do concello, a paralización dos que estean en marcha e a súa colaboración coa Comisión Municipal creada para Casos de Desafiuzamento.
- No suposto de falta de colaboración de entidades bancarias co Concello proceder, na medida que sexa posíbel e non prexudique aos veciños e veciñas, a prescindir dos servizos que as mesmas poidan prestar ao Concello."

O alcalde propón que o asunto quede sobre a mesa, o que é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO SEXTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DO CONCELLO DE FENE FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS DE VECIÑOS E VECIÑAS

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

"O Grupo Municipal do PS^{de}G-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coas **MEDIDAS DO CONCELLO DE FENE FRONTE AOS DESAFIUZAMENTOS DE VECIÑOS E VECIÑAS**, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Coa crise e o aumento alarmante do desemprego, centos de miles de familias están a chegar a unha situación límite que non lles permite cubrir as súas necesidades máis básicas. O Concello de Fene non é alleo a este fenómeno, xa que continúan medrando cada día os casos de familias con todos os seus membros no paro, familias que ven como un dos seus maiores logros e investimentos, a súa vivenda, pode estar en perigo por unha execución hipotecaria que pode provocar a perda do inmovible. E aínda por riba de perder a vivenda, estarán expostos a unha condena financeira de por vida.

No procedemento xudicial hipotecario a vivenda pódase e a Lei de Enxuzamento Civil establece que, no caso de non presentarse poxadores, algo que acontece na maioría dos casos, o banco ou a entidade prestamista pode adxudicarse a vivenda polo 60% do valor da taxación. É dicir: non só poden quedar coa vivenda por un prezo moito menor do que se taxou ao firmar a hipoteca, senón que ademais unha boa parte da débeda mantense (unha vez descontado o valor polo que se poxou a vivenda) incrementada por grandes gastos xudiciais e honorarios profesionais. Ademais, como resultado de todo iso, aos debedores embárganselles os bens e ingresos, tanto presentes como futuros, para saldar a totalidade da débeda.

Esta lexislación, que non se aplica noutros países, era descoñecida por moitas ou a maioría das persoas cando asinaron as súas hipotecas. Así, a situación é aínda máis grave, xa que pode considerarse que os hipotecados se viron sometidos a unha publicidade enganosa, sometidos á sobrevaloración das taxacións das vivendas e tamén a unha linguaxe pouco doada de comprender nos contratos asinados.

Hoxe en día calquera non pagamento pode supoñer o vencemento anticipado de todo o que un cidadán/á adebede ás entidades financeiras. Así mesmo, nos contratos asinados cos bancos e coas antigas caixas de aforros agochábanse e agochábase numerosas cláusulas abusivas, como as do chan e teito ou as dos intereses moratorios, que oscilan entre o 18 e o 20 por cento.

Debido a isto e a outros moitos factores, dende a Agrupación Socialista de Fene consideramos que se está a vulnerar un dos dereitos fundamentais dos cidadáns/ás, o dereito á vivenda. O artigo 47 da

Constitución di que “todos os españois teñen dereito a unha vivenda digna e adecuada” e que “os poderes públicos promoverán as condicións necesarias e establecerán as normas pertinentes para facer efectivo este dereito, regulando o uso do solo de acordo co interese xeral para impedir a especulación”.

A perda da vivenda vai máis aló dese feito e tamén leva consigo a perda doutros dereitos, impide ás persoas afectadas realizarse no ámbito familiar e profesional e condea en moitos casos á marxinación e exclusión social.

En definitiva, a situación de desamparo na que se atopan moitos cidadáns/ás, asfixiadas por unha situación laboral cada vez máis insostible e por unha hipoteca froito da avidez de especuladores e entidades financeiras, é moi preocupante.

Faise necesario, polo tanto, intervir con urxencia e desde os poderes públicos ante esta dramática situación, que como todos sabemos tivo xa en varias ocasións como consecuencia a perda de vidas humanas. Unha situación que, coa duración prolongada desta crise inhumana, estase a agravar día a día.

Ao igual que están a facer xa todos os concellos gobernados polo Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE e mentres non se cambie desde os órganos estatais competentes a lexislación sobre desafuzamentos (recentemente sinalada incluso por instancias europeas como non garantista da necesaria protección eficaz dos consumidores fronte a posibles cláusulas abusivas das hipotecas) entendemos que o Concello de Fene tamén debe contribuir con medidas de ámbito municipal a evitar que se produzan máis desafuzamentos.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Instar ao Goberno central a unha rápida e contundente modificación lexislativa do procedemento xudicial hipotecario neste país, incluíndo unha moratoria total ou parcial, sen intereses engadidos, das débedas hipotecarias sobre vivenda habitual, a favor das persoas que se atopen en situación de insolvencia sobrevida de boa fe, de tal xeito que se eviten procedementos xudiciais hipotecarios, poxas de vivendas e desafuzamentos que están a deixar na rúa a miles de familias.
2. Instar ao Goberno para que adopte as medidas necesarias para que, nos supostos de vivenda habitual e insolvencia sobrevida de boa fe, se aplique a dación en pago, regulada no artigo 140 da Lei Hipotecaria, de tal xeito que, a elección do debedor, se poida cancelar, sen execución hipotecaria, a totalidade da débeda pendente coa entrega da vivenda, aínda que isto non fora pactado ao formalizarse a hipoteca.
3. Instar ao Goberno para que se adopten todo tipo de medidas tendentes a que os poderes públicos dean cumprimento efectivo ao mandato do art. 47 da Constitución Española e se estuden saídas xustas á cuestión das vivendas baleiras.
4. Dar traslado destes acordos ao Parlamento de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Senado.
5. Máis aló das medidas de competencia estatal, propor a adopción das seguintes medidas para emprender a nivel municipal no Concello de Fene:
 - 5.1. Eliminación do imposto municipal de plusvalía para as persoas que sufran a perda da súa vivenda en poxa, e para aquelas que logren a dación da vivenda en pago, naqueles supostos en que a lei así o permita.

- 5.2. Revisión dos protocolos de actuación de Servizos Sociais nos casos de desafiuzamento, e colaboración á hora de pedir aos xuíces a suspensión do desafiuzamento cando este sexa por motivos económicos e ser refira á vivenda única e habitual.
- 5.3. Non poñer ningún axente da Policía Local a disposición das ordes de desafiuzamento, dentro dos termos legalmente previstos.
- 5.4. Interpelar ás entidades financeiras que operan no municipio para esixirlles a paralización dos desafiuzamentos impulsados por elas no termo municipal de Fene e a condonación de débedas ilexítimas froito do actual proceso de execución hipotecaria, advertíndolles de que en caso contrario, procederase á retirada dos fondos municipais depositados en ditas entidades.
- 5.5. Colaboración dos servizos xurídicos do Concello en todos os casos que os veciños/as así o requiran.
- 5.6. Facultar ao Alcalde-Presidente para exercitar as accións legais que procedan en defensa dos dereitos da veciñanza de Fene.”

O alcalde propón que o asunto quede sobre a mesa, o que é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO SÉTIMO.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MIXTO EN RELACIÓN COA SUPRESIÓN POR PARTE DO GOBERNO CENTRAL DA PAGA EXTRAORDINARIA DE NADAL AOS EMPREGADOS PÚBLICOS

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente na Comisión Informativa de Facenda, Promoción Económica, Formación e Emprego por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do BNG, 1 de grupo municipal socialista e 1 do grupo mixto) e 2 abstencións do grupo municipal do PP:

“ O Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Fene, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación coa **SUPRESION POR PARTE DO GOBERNO CENTRAL DA PAGA EXTRADORDINARIA DE NADAL ÓS EMPREGADOS PÚBLICOS**, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICION DE MOTIVOS:

No Pleno do mes de Setembro foron debatidas dúas mocións sobre a supresión por parte do Goberno Central da paga extraordinaria de Nadal ós empregados públicos. Mocións que, a pesares de que foron aprobadas polo Pleno do Concello de Fene, por parte do Grupo de Goberno do mesmo non se fixo actuación algunha encamiñada a buscar unha solución para que dita paa poida ser abonada ós traballadores.

Os motivos polos que Esquerda Unida considera dito recorte inxusto e incluso anticonstitucional, quedaron reflectidos na moción que se presentou, no seu día, e que imos obviar nesta nova moción para centrarnos en intentar acadar un acordo que permita que os traballadores do Concello non perdan a paga extra de Nadal.

Ata de agora, as Comunidades Autónomas de Navarra, Extremadura e País Vasco, teñen decidido que os seus traballadores da Administración Pública perciban a paga extra.

Na nosa Comunidade, Galicia, moitos Concellos adoptaron tamén o acordo de abonar ós seus traballadores unha cantidade compensatoria, buscando para elo diversas formas de facelo. Así, en Pontevedra, os traballadores de dito Concello percibiron xa coa nómina de Novembro, unha cantidade compensatoria en concepto de Plus de produtividade, e para elo chegaron a un acordo coa plantilla municipal, a cal aceptou ampliar a súa xornada laboral en 16 horas a realizar a criterio dos traballadores, entres os meses de setembro e outubro.

No caso de Vigo, onde EU se puxo en contacto coa Corporación Municipal deste Concello, están a barallar o mesmo concepto de pago, o mesmo que noutros Concellos tales como Tomiño, Lugo e Carballo. Neste último, a fórmula utilizada vai a ser ir adiantando as pagas extraordinarias da seguinte forma: en xaneiro de 2013, adíantase a paga extra de xullo, e no mes de Xullo se abonaría a de Decembro. E así, ata o ano 2015, data na que o Goberno Central ten previsto que os empregados públicos poidan acceder a eses cartos agora retidos.

Outras formulas para compensar a paga, sería habilitar partidas económicas doutros capítulos do presuposto anual, xa que o Goberno Central tamán se encargou de impoñer ós Concellos a non disposición dos cartos que supón o abono da Paga Extra. Si a estas medidas lles engadimos que os traballadores públicos teñen a obriga de cotizar por esa prestación non percibida, a perda económica no mes de Decembro á aínda maior.

De acordo con todo o exposto, o Grupo Municipal de Esquerda Unida do Concello de Fene, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1.- Instar ó Grupo de Goberno de Fene para que, de forma conxunta có resto da Corporación Municipal, se adopte a medida máis axeitada e que permita abonar á plantilla municipal unha cantidade compensatoria pola perda da Paga Extraordinaria de Nadal.

Fene, 30 de novembro de 2012.-

Fdo: M^a Carmen Martínez (Voceira de ESQUERDA UNIDA)“

O alcalde propón que o asunto quede sobre a mesa, o que é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO OITAVO.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO MUNICIPIO DE FENE

Consta no expediente o seguinte ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Obras realizada o 4 de decembro de 2012: “PUNTO SEGUNDO.-ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DA ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO MUNICIPIO DE FENE”

Consta no expediente borrador de ordenanza e informe-proposta de secretaría 105/2012 de 21.6.2012 que conclúe:

<< Infórmase favorablemente o borrador de ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Fene e proponse ao pleno municipal:

1º.- A aprobación inicial da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Fene

2º.- Exposición ao público durante 30 días hábiles mediante anuncio no BOP aos efectos de presentación de reclamacións. De non presentarse reclamacións a aprobación inicial elevarase a definitiva, entrando en vigor a ordenanza ao día seguinte da completa publicación desta modificación no BOP e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL.>>

Sometido o asunto a votación foi ditaminado favorablemente por 3 votos a favor do grupo do PP e 5 abstencións (2 do grupo socialista, 2 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto), acordando o que segue:

1º.- A aprobación inicial da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Fene coas seguintes modificacións da proposta inicial:

- O silencio administrativo na resolución das solicitudes será negativo nos casos en que así o dispoña a lei.
- Introducir uns períodos excepcionais na ubicación de terrazas fóra dos lugares regulados
- Introdúcese unha moratoria de 4 anos para adaptarse ao previsto na Disposición Adicional para aqueles hostaleiros que fixeran investimentos, para que así poidan amortizalos

- Suprímese a necesidade de presentar licenza de apertura para solicitar a terraza, inda que será requisito tela.
- Introducirase, previo estudo da súa oportunidade pola secretaría, unha especial mención a aquelas actividades que viñan funcionando baixo autorización antes da entrada en vigor do RAMINP para que quede patente e sexa coñecido polos administrados que non precisan dunha licenza de actividade nos termos desta normativa.

2º.- Exposición ao público durante 30 días hábiles mediante anuncio no BOP aos efectos de presentación de reclamacións. De non presentarse reclamacións a aprobación inicial elevarase a definitiva, entrando en vigor a ordenanza ao día seguinte da completa publicación desta modificación no BOP e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL”

Inicia o turno de intervencións o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que celebra que a ordenanza sexa traída ao pleno coas aportacións do seu grupo e dos demais plasmadas no texto. Considera que esta é unha ordenanza mellor que a que se traía inicialmente, que por fin foron escoitados os grupos da oposición e os hostaleiros e que é urxente aprobala para dar a debida cobertura.

Anuncia a abstención do seu grupo porque di que coinciden no contido pero discrepan nas formas que foron empregadas, xa que o proceso debería de haber sido como rematou sendo dende un principio.

O voceiro do grupo do BNG, don Manuel Polo Gundín, anuncia a abstención do seu grupo e a voceira do grupo mixto, dona María Carmen Martínez Rodríguez, anuncia o voto en contra porque rexeitan o contido da disposición adicional da ordenanza e porque dende un principio o que tiña que haber sido feito era consensuar a ordenanza coa oposición e dar un borrador aos hostaleiros.

A voceira do grupo do PP, dona Rocío Bértoa Puente, anuncia o voto a favor do seu grupo e remítese ao dito na respectiva comisión informativa.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP, 1 voto en contra do grupo mixto e 9 abstencións, 5 do grupo socialista e 4 do grupo do BNG.

Á vista do resultado da votación o pleno acorda:

1º.- A aprobación inicial da ordenanza reguladora da instalación de terrazas no municipio de Fene co seguinte texto:

ORDENANZA REGULADORA DA INSTALACIÓN DE TERRAZAS NO MUNICIPIO DE FENE

CAPÍTULO I.-DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto

- 1.** A presente ordenanza ten por obxecto regular o réxime xurídico ao que debe someterse a instalación de terrazas en terreos de uso público.
- 2.** Aos efectos desta Ordenanza enténdese por terraza ás instalacións formadas por mesas, cadeiras, antucas, toldos, cortaventos, xardineiras, dispositivos de climatización e outros elementos de mobiliario, móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de bar, cafetería, restaurante, bar-restaurante, café-bar, taberna, chocolatería, xadería, etc.
- 3.** A presente Ordenanza é aplicable a todos os espazos (vía pública, espazos libres, zonas verdes, soportais, etc.) do Municipio, de uso público, sexan de titularidade pública ou privada. Esta condición de uso público virá determinada en función tanto da situación de feito, como por aplicación das determinacións do planeamento vixente.

4. Unicamente quedan excluídas do ámbito desta Ordenanza as terrazas situadas en espazos de titularidade e uso privados, que, en todo caso, se rexerán pola normativa que lles resulte de aplicación.

5. Cando concorran circunstancias de interese público que impidan a efectiva utilización de solo para o destino autorizado, tales como obras, acontecementos públicos, situacións de emerxencia ou calquera outras, a autorización quedará sen efecto ata que desaparezan as devanditas circunstancias, sen que se xere dereito a indemnización ningunha.

As autorizacións poderán ser revogadas unilateralmente pola administración en calquera momento por razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral.

Artigo 2.- Licenzas

1. A ocupación de terreos definidos no artigo 1 suxeitarase a previa licenza administrativa, podendo instalarse unicamente o mobiliario expresamente autorizado.

2. A licenza obxecto desta Ordenanza é independente das demais autorizacións que correspondan en virtude de normativa sectorial ou da que regule a ocupación de solo de dominio público distinto do municipal. En consecuencia, a instalación de terrazas en superficie de dominio público de costas ou portuario esixe a previa concesión da licenza regulada nesta Ordenanza.

3. O outorgamento da licenza en espazos de dominio público virá determinada polo previsto no Regulamento de Bens das Entidades Locais ou normativa de uso dos bens demaniais locais vixente, mentres que para os espazos de titularidade privada e uso público estarase ao previsto na lexislación urbanística autonómica.

Artigo 3.- Requisitos xerais

1. Con carácter xeral, as instalacións ás que se refire a presente ordenanza terán sempre natureza temporal, serán facilmente desmontables e, ademais, rexeranse polo disposto no Capítulo III.

2. Ademais do establecido no Capítulo III, os emprazamentos deberán cumprir os seguintes requisitos xerais:

a) Deberán deixarse completamente libres para a súa utilización inmediata, se fora preciso polos servizos públicos correspondentes:

- Acceso aos inmobles.
- Bocas de rego e hidrantes de incendio.
- Saídas de emerxencia.
- Paradas de transporte público regularmente establecidas.
- Aparellos de control de tráfico.
- Centros de transformación, arquetas de rexistro de servizo público e sumidoiros.
- Pasos peonís sinalizados.
- Calzadas con circulación de vehículos.
- Prazas delimitadas de aparcadoiro público.

b) Non poderá colocarse ningún elemento que dificulte a manobra de entrada ou saída de vaos permanentes de paso para vehículos.

c) En ningún caso se poderán colocar elementos fixos ou permanentes cuxa colocación ou desmontaxe requira a realización dalgunha obra especial, agás os toldos.

d) Prohíbese o peche lateral e da cuberta da terraza con elementos fixos, agás separadores, cunha altura máxima de 1,80 metros sempre e cando sexan diáfanos ou realizados con material transparente, e toldos móbiles.

3. Con independencia do anteriormente establecido, en períodos excepcionais e de forma temporal, e sempre que non sexa posible respectar o previsto no apartado 2 deste artigo, poderase autorizar o establecemento de terrazas debidamente acoutadas en calzadas ou áreas de aparcadoiro, sempre que sexa compatible coa circulación de vehículos e se garantan as debidas condicións de seguridade.

Artigo 4.- Prohibicións e limitacións

1. Así mesmo queda estritamente prohibida a instalación de calquera clase de aparellos reprodutores de imaxe e son, así como a celebración de espectáculos ou actuacións musicais, agás autorización municipal expresa.

2. Prohíbese o almacenamento de produtos, caixas de bebida ou outros materiais na superficie de ocupación da terraza.

3. Prohíbese sacar do recinto da terraza calquera tipo de bebida en envases de plástico, vidro ou cristal.

Artigo 5.- Actividades incluídas

A licenza para instalar terrazas dará dereito a expender e consumir na mesma os mesmos produtos que poidan selo no interior do establecemento do cal dependan.

Artigo 6.- Actividades excluídas

A presente ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación da vía pública que, sendo de carácter hostaleiro, se realicen con ocasión de feiras, festexos, actividades deportivas ou análogas, que se suxeitarán ás súas normas específicas.

Artigo 7.- Efectos

1. Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros e con carácter revogable. O exercicio da actividade realizarase a risco e ventura dos interesados.

2. A licenza terá carácter persoal e non poderá ser arrendada, subarrendada nin cedida, directa ou indirectamente a terceiros, en todo ou en parte.

3. O titular da licenza quedará obrigado diante do Concello de Fene ao cumprimento das obrigas derivadas do seu outorgamento.

4. A eficacia xurídica da licenza quedará vinculada ao cumprimento das súas condicións e ao pago das taxas e tributos correspondentes.

Artigo 8.- Dereitos derivados da licenza

1. O titular da licenza terá dereito a exercer as actividades nos termos previstos na propia licenza, con suxeición ás prescricións establecidas nesta ordenanza así como na lexislación sectorial e ordenanzas municipais de aplicación.

2. As terrazas poderán instalarse durante todo o período para o cal teñan autorización.

3. Como consecuencia de necesidades públicas de urbanización, implantación, supresión ou modificación de servizos públicos, o concello, poderá revocar ou suspender a licenza concedida, sen dereito a indemnización a favor do interesado. Neste caso, devolveráselle de oficio a parte do tributo que corresponda proporcionalmente ao tempo en que non poida manter instalada a terraza.

Artigo 9.- Obrigas

1. Serán por conta do titular da licenza a instalación dos elementos e, no seu caso, a realización, á súa costa, das obras necesarias para a instalación dos toldos, para o cal, en calquera caso, deberá estar en posesión da correspondente licenza.
2. Será obriga dos titulares das terrazas manter as mesmas e os elementos que as compoñen, nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato. A tales efectos, estarán obrigados a dispor dos elementos de recollida e almacenamento dos residuos necesarios para manter limpo o espazo público.
3. Queda prohibido almacenar ou amorear xunto ás terrazas produtos, materiais e elementos móbiles (mostradores e cámaras), así como residuos propios da instalación, tanto por razóns de estética e ornato, como por hixiene.
4. Será obrigatorio, para poder instalar terrazas anexas a establecementos dedicados a restaurante ou cafetería, estar en posesión da autorización turística autonómica que ampare tal establecemento.
5. Deberán figurar en lugar visible, enmarcados e coa debida claridade, o título habilitante para a instalación da terraza, no que se especifique o número de mesas autorizadas, debendo axuntarse plano de situación selado polo concello.
6. O titular está obrigado ao cumprimento efectivo das ordenanzas municipais e, especialmente, da de protección contra a contaminación acústica e a de prohibición do consumo de bebidas alcohólicas nas vías e outros lugares públicos.

CAPITULO II.- PROCEDIMENTO DE OUTORGAMENTO DA LICENZA

Artigo 10.- Réxime xurídico

1. A licenza obxecto desta Ordenanza tramitarase de acordo co previsto na lexislación de réxime local e do procedemento administrativo común.
2. Para a súa concesión serán precisos os informes técnicos e xurídicos preceptivos e, en todo caso, un informe da Policía Local.

Artigo 11.- Capacidade para solicitar a licenza

Poderán solicitar a licenza os titulares das licenzas de apertura ou títulos habilitantes para o exercizo da actividade (entenderase como título habilitante, en todo caso, as debidas autorizacións da autoridade municipal ás que se refire a DT 2ª do Decreto 2414/1961, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas e nos termos da mesma), dos establecementos hostaleiros descritos no artigo 1 desta ordenanza, sempre que a actividade se desenvolva coa lexislación xeral e sectorial que regula a mesma.

Artigo 12.- Requisitos da solicitude

1. As licenzas solicitaranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Fene.
2. Ademais dos datos xerais de identificación do solicitante e do establecemento hostaleiro, acompañarase á solicitude a seguinte documentación:
 - a) Autorización dos propietarios dos inmobles estremeiros, no caso de que a solicitude contemple unha terraza encostada á fachada do edificio e pretenda rebasar a porción desta ocupada polo establecemento.
 - b) Autorización expresa da comunidade de propietarios, cando se trate da ocupación de espazos privados de uso público.

- c) Memoria descriptiva dos elementos de mobiliario que se pretenden instalar na terraza, debéndose cuantificar, en todo caso, o número de mesas e cadeiras.
- d) Plano-croquis de situación acoutado, que especifique a área da terraza, os elementos e mobiliario a instalar, e se cuantifique a superficie de ocupación, onde figuren acoutadas as distancias respecto ó local propio e ao límite da beirarrúa ou calzada.
- e) No seu caso, plano de instalacións eléctricas exteriores, indicando e especificando as proteccións necesarias.
- f) No seu caso, autorización ou concesión de dominio público, referida á superficie da terraza, outorgada pola Administración competente.
- g) No seu caso, autorización turística expedida polo órgano autonómico competente.

3. Na solicitude deberase indicar o período de tempo para o cal se solicita licenza e a data de inicio da actividade.

Artigo 13.- Competencia para o outorgamento da licenza

Será competente para o outorgamento da licenza o Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue, sen perjuízo do réxime de delegación de competencias noutros órganos de goberno previsto na lexislación de réxime local.

Artigo 14.- Prazo de resolución

- 1.** O Concello resolverá as solicitudes no prazo de dous meses dende a entrada da solicitude no rexistro xeral.
- 2.** O silencio administrativo terá efectos desestimatorios ou estimatorios segundo a lexislación vixente.

Artigo 15.- Vixencia da licenza

- 1.** A licenza outorgarase por período máximo dun ano e deberá solicitarse con anterioridade á súa instalación.
- 2.** A licenza entenderase tacitamente prorrogada, por sucesivos períodos, cando nin o Concello nin o interesado comuniquen por escrito, antes do seu vencemento, a vontade contraria á súa prórroga.
- 3.** A modificación das condicións da licenza obriga necesariamente a un novo trámite de solicitude e, no seu caso, concesión.

CAPÍTULO III.- CONDICIÓNS PARTICULARES DAS LICENZAS

Artigo 16.- Limitacións de emprazamento

- 1.** A superficie susceptible de ocupación con terrazas non poderá exceder de 2/3 da superficie autorizable do mesmo, cun máximo de 100 m².
- 2.** A ocupación de beirarrúa non poderá ser nunca superior aos 2/3 de largura libre da mesma, debéndose deixar libre para paso de peóns, polo menos, unha largura de 1,50 metros.
- 3.** No caso de establecementos estremeiros, o espazo susceptible de ocupación distribuirase equitativamente entre os solicitantes, de acordo coa largura de fachada de cada establecemento afectado.

4. Se a terraza se sitúa encostada á fachada do edificio, deberá quedar libre o espazo para acceder aos inmobles lindeiros e aos escaparates dos locais comerciais, cun espazo mínimo de 1,80 metros.
5. Permitirase a instalación de terrazas en rúas peonís nas que existan establecementos situados en inmobles sempre que a zona peonil supere os tres metros de largura. A franxa de zona peonil ocupable non excederá do 50 % da súa largura, debéndose deixar, en todo caso, un espazo mínimo libre de 1,80 metros.
6. Non se autorizarán terrazas en beirarrúas cunha largura inferior a 2,50 metros.
7. Aos efectos de aplicación do disposto nesta Ordenanza, os elementos de mobiliario ao servizo da terraza que se instalen están suxeitos ás seguintes prescricións:
 - a) O módulo tipo velador constitúeo unha mesa e catro cadeiras enfrontadas dous a dous. Para mesas cadradas ou redondas de lado ou diámetro igual ou inferior a 0,80 metros considerarase unha superficie de ocupación teórica por cada velador de 1,80x1,80 metros cadrados. Se a mesa tivese lado ou diámetros superior a 0,80 metros, a superficie aumentarase proporcionalmente ao exceso.
 - b) Cando polas dimensións do espazo dispoñible non coubesen os veladores indicados anteriormente poderán instalarse veladores cunha mesa e tres cadeiras. Se a mesa é cadrada considerarase unha superficie rectangular de ocupación teórica 1,80x1,30 metros cadrados. Se a mesa é redonda se considerará como ocupación teórica a dun triángulo equilátero de 2,50 metros de lado e unha superficie de 2,70 metros cadrados.
 - c) Si non coubesen os veladores anteriores poderanse instalar veladores cunha mesa e dúas cadeiras cuxa superficie de ocupación teórica será un rectángulo de 0,80x1,80 metros cadrados.
 - d) Cando o espazo permita a implantación de máis dunha fila de veladores, poderán dispoñerse como mellor conveña sempre que se permita o doado acceso a todas as mesas e cadeiras, para o cal se establecerá un corredor intermedio que permitirá o acceso ás mesas. O devandito corredor terá unha lonxitude igual á da fila menor e un ancho de 0,50 metros. A superficie ocupada polo corredor contabilizarase dentro da superficie de ocupación da terraza. Para a obtención do número máximo de mesas e cadeiras aplicaranse os módulos descritos neste artigo.

Artigo 17.- Horario de actividade na terraza

1. O horario de apertura e peche será o establecido pola Comunidade Autónoma de Galicia para o establecemento, segundo o catálogo correspondente, sen prexuízo da potestade municipal de adaptación de horarios que, no seu caso, estableza a normativa autonómica.
2. O horario de peche implicará o cese efectivo de todas as actividades desenvoltas na terraza e, en consecuencia, os usuarios non poderán permanecer na terraza a partir de dito momento, polo cal o persoal do establecemento deberá obrigar ao desaloxo efectivo da mesma.

Artigo 18.- Orde e limpeza diaria

Agás no período comprendido entre o 1 de maio e o 30 de setembro os titulares de licenzas de terrazas teñen a obriga de retirar e agrupar ao remate de cada xornada os elementos de mobiliario instalados, así como realizar os labores de limpeza necesarios no período para o que teñan concedida a correspondente licenza.

Artigo 19.- Remate do período de ocupación

1. Rematado o período de instalación autorizado por licenza, o titular da terraza deberá deixar completamente expedita a porción de superficie que viñese ocupando, retirando tódolos elementos que a ocupan ao día seguinte do remate o período de ocupación.
2. En caso de incumprimento do previsto no apartado anterior, serán retirados polo Concello mediante execución subsidiaria a costa do titular.

CAPÍTULO IV.- RÉXIME FISCAL

Artigo 20.- Taxas

O titular da licenza deberá abonar as exaccións fiscais que correspondan e de conformidade coa ordenanza fiscal correspondente.

CAPITULO V.- INSPECCIÓN E RÉXIME SANCIONADOR.

Artigo 21.- Inspección

O alcalde e, no seu caso, o concelleiro en quen delegue, a través dos servizos municipais, serán competentes para controlar o estrito cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza.

Artigo 22.- Infraccións

As infraccións das normas contidas nesta ordenanza clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Son faltas leves:

- a) A falta de ornato na terraza e o seu entorno.
- b) O deterioro leve dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos, lindeiros co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- c) Calquera outra infracción que non sexa cualificada como grave ou moi grave.

2. Son faltas graves:

- a) A reiteración por dúas veces na comisión de faltas leves.
- b) A ocupación de maior superficie da autorizada.
- c) A instalación dun maior número de mesas, cadeiras ou elementos auxiliares que os autorizados.
- d) Instalar elementos de mobiliario non autorizados pola licenza, así como a colocación na terraza de calquera outra clase de elementos, que non sexan mesas, cadeiras e elementos auxiliares aos mesmos, fóra do recinto do establecemento.
- e) A falta de aseo, hixiene ou limpeza nos elementos do establecemento, sempre que non constituía falta leve ou moi grave.
- f) O deterioro grave dos elementos de mobiliario e ornamentais urbanos, lindantes co establecemento, que se produza como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- g) A non exhibición das autorizacións municipais preceptivas.
- h) O incumprimento do réxime de distancias mínimas de paso de peóns.
- i) O incumprimento do horario de apertura ou peche da terraza.

3. Son faltas moi graves:

- a) A reiteración de tres faltas graves.
- b) A desobediencia aos lexítimos requirimentos dos inspectores e autoridades.
- c) Non desmontar as instalacións cando así fose ordenado pola autoridade municipal.
- d) A instalación na terraza de aparellos de reprodución de son ou a realización sen autorización de espectáculos e actuacións musicais.
- e) Non contar coa preceptiva licenza de instalación da terraza.
- f) A ocupación de maior superficie da autorizada en máis dun 10%.

Artigo 23.- Sancións

1. As faltas leves sancionaranse con multa de 50 a 100 €.

2. As faltas graves sancionaranse con multa entre 101 e 300 €, podendo ser acordada a suspensión da licenza por período máximo de dous meses.

3. As faltas moi graves sancionaranse con multa entre 301 € e 600 €, podendo incluso ser revocada a licenza.

Artigo 24.- Aplicación das sancións

Na aplicación das sancións establecidas no artigo anterior, atenderase ao grao de culpabilidade, beneficio obtido, entidade da falta cometida, perigosidade que implique a infracción, incidencia ambiental, reincidencia ou reiteración e demais circunstancias agravantes ou atenuantes que concorran.

Artigo 25.- Persoas responsables

Aos efectos do réxime sancionador terán a consideración de persoas responsables as persoas físicas ou xurídicas titulares do establecemento vinculado á terraza.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

A) O Concello reservarase o dereito a esixir, con independencia do exacto cumprimento das normas contidas na presente Ordenanza, que en determinadas rúas ou prazas as terrazas deban suxeitarse ás seguintes prescricións:

1. As mesas e cadeiras serán dunha cor determinada.
 2. As xardineiras e antucas deberán ter unhas características comúns que en todo caso requirirán a previa determinación do Concello. As antucas deberán ser todos eles da mesma cor, debendo igualmente ser autorizadas polo Concello.
- B) Aqueles establecementos con terraza autorizada que fixeran un investimento nos elementos cuxa harmonización se regula, disporán dunha moratoria de 4 anos para adaptarse ao establecido no apartado anterior.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Todas aquelas terrazas que no intre da entrada en vigor da presente Ordenanza tivesen autorización para tempadas anteriores, deberán adecuarse á vixente Ordenanza antes do 1 de marzo de 2013.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente Ordenanza entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días á que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

2º.- Exposición ao público durante 30 días hábiles mediante anuncio no BOP aos efectos de presentación de reclamacións. De non presentarse reclamacións a aprobación inicial elevarase a definitiva, entrando en vigor a ordenanza ao día seguinte da completa publicación desta modificación no BOP e unha vez transcurrido o prazo previsto no artigo 65.2 LBRL

PUNTO NOVENO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente por 5 votos a favor (2 do grupo do BNG, 2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto), con 2 abstencións do grupo do PP:

<< MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO SOBRE A POSTA EN MARCHA DUN PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS

Con data 29 de Agosto de 2006, asinábase un “protocolo de intencións” entre o Conselleiro da Presidencia da Xunta, o Presidente da Deputación de A Coruña e os concellos de Ferrol, Narón, Fene, Valdoviño, Neda, Ares, Moeche e Cedeira dirixido, segundo reza no seu encabezamento, á comarcalización do parque municipal de bombeiros de Ferrol.

Este protocolo – que viña precedido doutras iniciativas semellantes – tentaba fixar as liñas de actuación no camiño de converter o Parque Municipal de Bombeiros de Ferrol nun servizo de carácter comarcal para o conxunto dos concellos limítrofes; resolvendo a situación de inseguridade na que se atopaban ata o momento. Para iso, definíanse tres liñas de acción:

- Construción das intalacións dun novo parque de bombeiros.
- Dotación de novos vehículos e equipamento para o parque de Ferrol.
- Ampliación do cadro de persoal do parque de Ferrol.

Ao mesmo, fixébanse as porcentaxes de participación nos custos que suporían estas actuacións, a saber:

a) proxecto de obras das novas instalacións e dotación de equipamento

- | | |
|----------------------------|-----|
| a. Xunta de Galiza: | 40% |
| b. Deputación de A Coruña: | 40% |
| c. Concello de Ferrol: | 20% |

b) complemento salarial pola ampliación da área de intervención

- | | |
|----------------------------|-----|
| d. Xunta de Galiza: | 40% |
| e. Deputación de A Coruña: | 40% |
| f. Concello de Narón: | 20% |

c) mantemento do parque e salarios da ampliación da plantilla sobre a inicial do concello de Ferrol

- | | |
|----------------------------|-----|
| g. Xunta de Galiza: | 40% |
| h. Deputación de A Coruña: | 40% |
| i. Concello de Narón: | 20% |

A falta de desenvolvemento práctico do devandito protocolo – que non pasou nunca da reivindicación da posta en marcha do asinado no ano 2006 – levou a unha situación de feitos consumados, onde os concellos de Ferrol e Narón optan por asinar un convenio no que se definen as condicións que rexen a utilización por parte do último dos servizos do Parque Municipal de Bombeiros de Ferrol; convenio que rexe actualmente ate finais deste ano.

Mentras tanto – e no marco dese craro incumprimento do protocolo – o resto dos concellos que tiñan asinado o mesmo seguen nunha situación de descuberto no que toca aos servizos de bombeiros; sen que exista horizonte algún fixado para retomar esta proposta ou unha solución alternativa.

Unha situación que, por riba, resulta singular no marco do conxunto da provincia, onde o servizo está asumido polo “Consortio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña” – que conta cos parques de bombeiros máis próximos á nosa zona en Betanzos e As Pontes – e do que resulta que os concellos de Ares, Mugardos, Fene, Neda, Valdoviño, Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón quedarían fóra dun procedemento regulamentado para a extinción de incendios.

Neste contexto – na liña que sempre defendimos de iniciativas de ámbito comarcalizado – desde o BNG avogamos por unha posición activa e clara para concretar os termos do protocolo asinado hai agora máis de sete anos; fixando prazos e investimentos concretos para converter en realidade esta demanda, necesaria e urxente para o conxunto dos concellos da comarca. Para iso, propomos que o pleno do concello adopte os seguintes acordos:

1.- Reclamar da Xunta de Galiza e da Deputación de A Coruña o desenvolvemento práctico do protocolo asinado o 29 de Agosto de 2006 para a comarcalización do parque municipal de bombeiros de Ferrol.

2.- Demandar que nos orzamentos das dúas institucións para o vindeiro 2013 se concreten as cantidades necesarias para facer fronte aos compromisos económicos que se definen no devandito protocolo.

3.- Demandar con urxencia a constitución e reunión dunha Comisión de Seguimento – definida xa no protocolo – dirixida a supervisar a definir o cronograma de actuacións e supervisar a axeitada execución das mesmas.>>

O alcalde propón que o asunto quede sobre a mesa, o que é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO DÉCIMO.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOBRE A COMARCALIZACIÓN DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E EXTINCIÓN DE INCENDIOS E SALVAMENTO

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente por 3 votos a favor (2 do grupo socialista e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións (2 do grupo do PP e 2 do grupo do BNG):

<<A seguridade das persoas, a loita contra o lume e outras catástrofes naturais é unha das competencias irrenunciábeis que o ordenamento xurídico español atribue aos diversos niveis de goberno previstos na Constitución: locais (concellos e deputacións), autonómico e estatal.

Os gobernos de progreso en Galicia tanto na Xunta como nas deputacións e nos concellos levaron a cabo toda unha planificación lexislativa e financeira baseada na colaboración interadministrativa, na eficiencia e optimización de recursos, que cristalizou, na provincia da Coruña na creación de diversos SEPEIS (Servizo de prevención e extinción de incendios e salvamento).

O cambio na dirección política da Xunta, e de moitos gobernos locais fixo que na provincia da Coruña existan dous grandes espazos nos que non se chegou a levar a cabo a comarcalización dos devanditos servizos mediante a creación do correspondente SEPEIS, a saber a área de Ferrolterra e a área de Compostela.

O concello de Fene considera unha necesidade de primeiro orde prestar un servizo eficiente aos seus cidadáns que a cotío ven perigar a súa seguridade e súa vida ante os riscos existentes na sociedade moderna.

Por iso propónse que o pleno do concello de Fene adopte os seguintes acordos:

1- Que se solicite do Consorcio Provincial de Extinción de Incendios e das autoridades públicas competentes a urxente constitución dun SEPEIS para a nosa comarca.

2- Que Xunta e da deputación incluan nos seus orzamentos as partidas económicas necesarias para facer fronte a esos servizos coa debida calidade e eficiencia.

3- Que o consorcio, dadas as especiais características da comarca, faga partícipes deste proceso aos xestores de polígonos, á autoridade portuaria, e a aquelas empresas que polas especiais características teñan risco de seguridade.>>

O alcalde propón que o asunto quede sobre a mesa, o que é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO DÉCIMO PRIMEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Consta no expediente á seguinte proposta da concellaría delegada de cultura ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade realizada o 7 de decembro de 2012 por 6 votos a favor (3 do grupo municipal do PP, 2 do grupo municipal do PSOE e 1 do grupo municipal do BNG) e 1 abstención do grupo mixto:

“Asunto: PROPOSTA DE SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

ROCÍO A. BÉRTOA PUENTE, CONCELLEIRA-DELEGADA DE CULTURA, logo de ver:

2. A Orde do 14 de setembro de 2010 pola que se crea a Rede de Dinamización Lingüística (RDL).
3. As diferentes convocatorias da Secretaría Xeral de Política Lingüística nas que se establece como requisito ou criterio prioritario para acollerse a estas convocatorias a pertenza á Rede de Dinamización Lingüística
4. Os programas de dinamización lingüística que promovidos pola Rede de Dinamización Lingüística dos que se van beneficiar os concellos membros da RDL, nomeadamente dos programas FALAREDES, OS AXOUXÉRES, CINEMA EN GALEGO, ESPELLO DEPORTIVO, BOCABERTA, EXPOSICIÓNS ITINERANTES....

Propoño a aprobación do seguinte DITAME:

Someter á consideración do Concello Pleno a aprobación de solicitude de adhesión á Rede de Dinamización Lingüística e, consonte ao disposto no artigo 14 da citada Orde do 14 de setembro, a designación de D^a Rocío A. Bértoa Puente, como representante política, e de D. Daniel A. Romero Rodríguez, como representante técnico, na Rede de Dinamización Lingüística. Designar como representantes suplentes a D. Alejandro Dopico Rodríguez (representante político) e D^a Mercedes Justo Pena (representante técnica).”

Toma a palabra o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia o voto a favor do seu grupo porque ven ben a proposta inda que non se falou na comisión de se comporta custe para o concello.

Nos mesmos termos que o voceiro socialista pronúnciase a concelleira do grupo mixto e, por parte do grupo do BNG, o seu voceiro anuncia o voto a favor.

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.-Solicitar a adhesión á Rede de Dinamización Lingüística e, consonte ao disposto no artigo 14 da citada Orde do 14 de setembro, designar en dita rede a D^a Rocío A. Bértoa Puente, como representante política, e a D. Daniel A. Romero Rodríguez, como representante técnico.

2.-Designar como representantes suplentes a D. Alejandro Dopico Rodríguez (representante político) e D^a Mercedes Justo Pena (representante técnica).

PUNTO DÉCIMO SEGUNDO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN CO REGULAMENTO ESPECÍFICO DE UTILIZACIÓN DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DOS PINARES

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade por 4 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE, 1 do grupo municipal do BNG e 1 do grupo mixto) e 3 abstencións do grupo municipal do PP:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pasado mandato municipal a colaboración entre o Concello de Fene e a Deputación da Coruña permitiu facer realidade unha vella reivindicación dos equipos de fútbol do noso municipio, a construción dun campo de fútbol municipal.

Os dous convenios económicos asinados entre Concello e Deputación, a cesión gratuíta ao Concello de Fene do campo de fútbol dos Pinares, acordada polos socios do Círculo Cultural Recreativo e Deportivo de Perlío, xunto coa imprescindible axuda e colaboración que lle brindaron ao anterior Goberno Municipal as directivas dos tres equipos de fútbol que sobreviven a día de hoxe no Concello de Fene, o Cultural Maniños, a Sociedade Deportiva Barollobre e o Círculo de Perlío, permitiron que hoxe o Concello de Fene conte nos Pinares cun campo de fútbol de herba artificial que, a criterio de técnicos e xogadores, se atopa entre os mellores da provincia; ademais duns novos e amplos vestiarios que permiten a utilización ininterrompida das instalacións durante o horario no que estas permanezan abertas.

Varios eran os obxectivos que se pretendían acadar cun equipamento deste tipo, pero entre eles podemos destacar:

- Dotar aos equipos de fútbol do concello dunhas instalacións adecuadas e actuais nas que poder programar e desenvolver comodamente os seus adestramentos e partidos, tendo en conta as necesidades de cada equipo. Contribuíndo así ademais ao menor desgaste e mellor mantemento de cara á competición dos campos de herba natural.
- Crear unhas instalacións axeitadas para as escolas deportivas municipais de fútbol, que contan con numerosos nenos e nenas matriculados cada ano.
- Que o concello dispuxese, a maiores do campo grande, de dous campos de fútbol 7 de herba artificial para as escolas deportivas municipais, que ata a inauguración dos Pinares viñan utilizando o campo de area do Colexio de Centieiras. Unha instalación que, ademais de incómoda, deixara de cumprir os requirimentos necesarios para poder disputar nela a competición oficial desta categoría e cun uso que era fonte habitual de maletendidos e problemas entre o colexio e o Concello.
- Poñer a disposición dos veciños e veciñas e dos diferentes colectivos sociais de Fene un campo de fútbol de titularidade municipal que, ao igual que os pabillóns do Ramo e da Xunqueira ou a Piscina Municipal de Centieiras, puidesen alugar por horas para practicar nesta instalación un dos deportes con máis afeccionados/as na nosa vila, o fútbol.

Pese ás múltiples oportunidades sociais e económicas que unha instalación deportiva deste tipo ofrece a un concello como o noso, o Campo de Fútbol dos Pinares está claramente infrautilizado. O horario de apertura é insuficiente, a promoción e oferta do campo é inexistente, o mantemento irregular e a falta de diálogo e consenso cos usuarios á hora de distribuír os horarios de utilización é a norma.

Proba de todo iso e da pasividade do actual goberno de Fene no necesario labor de dinamizar esta importante instalación municipal é que máis dun ano e medio despois de terse aprobado na oportuna comisión informativa e dous meses despois de que o PSdeG-PSOE se interesase por este asunto en sesión plenaria, o PP segue sen levar a pleno para a súa aprobación o "Regulamento Específico de Utilización do Campo de Fútbol Municipal dos Pinares", elaborado polo anterior Goberno Socialista de Fene e froito do diálogo e do consenso entre o Concello e os equipos de fútbol do noso municipio.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

5. Instar ao Goberno Municipal para que na seguinte convocatoria ordinaria someta á consideración deste pleno a aprobación do "Regulamento Específico de Utilización do Campo de Fútbol Municipal dos Pinares" elaborado polo anterior Goberno Municipal de Fene e ditaminado favorablemente e por unimidade pola Comisión Informativa de Dinamización Social, Benestar e Igualdade na súa xutanza de data 30 de setembro de 2010.

6. Informar publicamente ás sociedades, colectivos deportivos e veciños/as do Concello do horario e taxas de utilización do Campo de Fútbol dos Pinares por se estiveren interesados na súa utilización.
7. Que o Goberno Municipal vele polo estrito cumprimento das tarefas de mantemento estipuladas no prego e contrato que rexen a prestación deste servizo por parte da empresa encargada do mesmo.
8. Que a concellería de Cultura e Deporte procuren sempre o acordo cos equipos de fútbol de Fene á hora de distribuír as horas de adestramento destes e demais asuntos que lles afecten, tendo en conta as necesidades e diferentes realidades de todos eles.
9. Dar traslado do texto íntegro da presente moción e do acordo correspondente aos equipos de fútbol do Círculo de Perílo, Cultural Maniños e Sociedade Deportiva Barallobre.”

O alcalde propón que o asunto quede sobre a mesa, o que é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO DÉCIMO TERCEIRO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE EN RELACIÓN CO AUMENTO DAS TAXAS XUDICIAIS EXISTENTES E A NOVA INCLUSIÓN DAS PERSOAS FÍSICAS ENTRE OS SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGA DESTAS TAXAS

Consta no expediente a seguinte moción que foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Cultura, Educación, Deportes, Servizos Sociais e Igualdade por 3 votos a favor (2 do grupo municipal do PSOE e 1 do grupo mixto) e 4 abstencións (3 do grupo municipal do PP e 1 do grupo municipal do BNG):

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 22 de novembro entrou en vigor a lei 10/2012 de 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de Xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Tras unha tramitación de vertixe no Parlamento con evidente afán de ocultación aos cidadáns, o seu contido constitúe unha mostra máis da vontade do Goberno de levar a cabo un desmantelamento dos servizos públicos esenciais, cuestionando á súa vez o exercicio efectivo dos dereitos fundamentais.

A Lei 25/1986, de 24 de decembro, de Supresión das Taxas Xudiciais, erradicou do noso ordenamento xurídico a figura da taxa xudicial, para propiciar que todos os cidadáns puidesen obter xustiza calquera que fose a súa situación económica ou a súa posición social.

Mediante a contrarreforma emprendida polo Grupo Popular, este cambio normativo tan radical prodúcese sen haberse aceptado ningunha proposta dos Grupos Parlamentarios ao longo da súa tramitación en ambas as Cámaras e contra o criterio do Grupo Socialista, ao estenderse o pago de taxas xudiciais a toda persoa natural e xurídica, así como ás ordes xurisdiccionais civil, contencioso administrativo e social.

Aínda que o Tribunal Constitucional en STC 20/2012 de 16 de febreiro de 2012 considerou constitucional a reintroducción da taxa feita pola Lei 53/2002, de 30 de decembro, tamén afirmou que “Esta conclusión xeral só podería verse modificada se se mostrase que a contía das taxas .../..., son tan elevadas que impiden na práctica o acceso á xurisdición ou o obstaculizan nun caso concreto en termos irrazonables, atendendo aos criterios da xurisprudencia expostos no fundamento xurídico 7. Con todo, a contía das taxas non debe ser excesiva, á luz das circunstancias propias de cada caso, de tal modo que impida satisfacer o contido esencial do dereito de acceso efectivo á xustiza”. En consecuencia, a contía das taxas non debe impedir ou obstaculizar de xeito desproporcionado o acceso á xurisdición.

Recentemente, o Sr. XXXXXXXX, Catedrático de Dereito Procesual da Universidade Autónoma de

Barcelona, decía que: "Se o lexislador, mediante a imposición de taxas xudiciais ou doutra forma, pon dificultades para que un cidadán que sufriu unha lesión dos seus dereitos poida acudir aos Tribunais a pedir protección, isto significa que ese lexislador está favorecendo a quen lesionou aqueles dereitos. Por iso, a existencia de taxas xudiciais fomenta a morosidade e, en xeral, o incumprimento das obrigacións. Na medida en que un sistema de taxas xudiciais dificulte a obtención de tutela xudicial, nesa mesma medida está beneficiando aos que incumpren as súas obrigacións."

O obxectivo recadatorio que persegue esta Lei é desproporcionado coa limitación do dereito de acceso á xustiza e pode converterse nun obstáculo impeditivo para a obtención de tutela xudicial efectiva.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PS^{de}G-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno de España a adoptar urxentemente as medidas necesarias para excluír ás persoas físicas como suxeitos obrigados ao pago de taxas xudiciais e a garantir que ninguén vexa limitado o seu dereito de acceso á xustiza por non poder facer fronte ao pago da taxa xudicial."

O alcalde propón que o asunto quede sobre a mesa, o que é aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

PUNTO DÉCIMO CUARTO.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA AO CAMBIO DE HORARIO DE VINDEIRAS SESIÓNS ORDINARIAS DE ÓRGANOS COLEXIADOS

Sométese á consideración do pleno a seguinte proposta da alcaldía:

"ASUNTO: Determinación do cambio de horario da sesión ordinaria do Pleno do mes de xaneiro de 2013 e das Comisións Informativas de facenda, promoción económica, formación e emprego e urbanismo e obras.

O día 11 de xuño do 2011 constituíuse a Corporación municipal do Concello de Fene xurdida das eleccións municipais celebradas o 22 de maio do 2011.

O día 4 de xullo de 2011 tivo lugar a sesión organizativa da Corporación municipal do Concello de Fene para a lexislatura 2011 – 2015, na que se estableceu:

"As sesións ordinarias do Pleno da Corporación do Concello de Fene terán carácter mensual, celebrándose as sesións o primeiro xoves de cada mes ás 18:00 horas. No suposto de que o día prefixado fose festivo ou inhábil, celebrarase a sesión co mesmo carácter de ordinaria o seguinte xoves hábil."

Asemade, na mesma sesión acordouse que as comisións informativas permanentes celebrarían sesión ordinaria na semana anterior á da realización da sesión ordinaria do Pleno.

Polo tanto, corresponde celebrar sesión ordinaria do Pleno de xaneiro o vindeiro día 3 de xaneiro de 2013 ás 18:00 horas, día que coincide co remate das festas do Nadal, días despois da realización dun previsible pleno extraordinario e só con dúas semanas de distancia respecto do ordinario de decembro.

Así, segundo o tratado na Xunta de Voceiros, propúxose cambiar dita data para o vindeiro xoves posterior ao remate das festas de Nadal, o día 6 de xaneiro, día de reis.

Consecuentemente, dado que está previsto convocar para o pleno extraordinario de decembro as comisións informativas de facenda, promoción económica, formación e emprego e urbanismo e obras, cómpre suprimir as sesións ordinarias correspondentes do mes de xaneiro, coa finalidade de non reiterar sesións nun curto espazo de tempo e á vista de que o seu contido propio é o que se busca trasladar para as correspondentes sesións extraordinarias de decembro.

O artigo 46.2 a da Lei 7/1985, de 2 de abril e reguladora das bases do réxime local (BOE núm. 80, do 03-04-1985) e artigo 210.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (DOG núm. 149, de 5 de agosto) establecen que o Pleno da Corporación celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses e o artigo 24 do Regulamento orgánico do Concello de Fene (B.O.P. da Coruña núm. 156 do 8 de xullo do 2008) establece que o Pleno celebrará sesión ordinaria coa periodicidade que estableza o Pleno da Corporación e que na sesión extraordinaria que se convocará dentro dos trinta días seguintes ó da sesión constitutiva da Corporación, a proposta do Alcalde/sa, o Pleno acordará o día e a hora na que se celebraran as sesións ordinarias, en primeira convocatoria e dous días despois, á mesma hora, en segunda.

Esta regulación citada resulta de aplicación supletoria para outros órganos complementarios segundo o disposto no artigo 139 ROF.

Logo de ver canto antecede, no exercicio das competencias que me atribúe a lexislación vixente, propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

1.- Trasladar a realización da vindeira sesión ordinaria correspondente ao mes de xaneiro de 2013 do Pleno da Corporación do Concello de Fene ao vindeiro día 10 de xaneiro de 2012 ás 18:00 horas.

2.-Suprimir a realización das sesións ordinarias correspondentes á sesión ordinaria plenaria do 10 de xaneiro das comisións informativas de facenda, promoción económica, formación e emprego e urbanismo e obras.

Fene, 10 de decembro de 2012
O alcalde
Gumersindo Pedro Galego Feal”

Sometido o asunto a votación foi aprobado pola unanimidade dos concelleiros.

Á vista do resultado da votación, o pleno acorda:

1.- Trasladar a realización da vindeira sesión ordinaria correspondente ao mes de xaneiro de 2013 do Pleno da Corporación do Concello de Fene ao vindeiro día 10 de xaneiro de 2012 ás 18:00 horas.

2.-Suprimir a realización das sesións ordinarias correspondentes á sesión ordinaria plenaria do 10 de xaneiro das comisións informativas de facenda, promoción económica, formación e emprego e urbanismo e obras.

PUNTO DÉCIMO QUINTO.-PREVIA RATIFICACIÓN DA SÚA INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA, APROBACIÓN DO EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL 8/2012

Consta no expediente providencia da alcaldía de 3.12.12 e a seguinte proposta da alcaldía:

“PROPOSTA DA ALCALDIA

ASUNTO: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 8/2012 .

Logo de ver a providencia da Alcaldía de 3 de decembro de 2012 polo que se incoa o presente expediente e se xustifica a necesidade do mesmo.

Logo de ver o informe da Intervención municipal relativo á fiscalización do expedientes de recoñecemento extraxudicial nº 8/2012 que transcrito di:

INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Fiscalización previa preceptiva do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos polo Pleno nº 8/2012

LEXISLACIÓN E NORMATIVA APLICABLE BASICA

-(TRLRFL) artigos 163,173,215 a 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido Da Lei Reguladora das Fachendas Locais.

- (RD500/1990) artigos 26.2c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenrola o capítulo primeiro do Título Segundo do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.
- (LBRL) artigo 112.1 da Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime local.
- (TRRL) artigo 23.1 do Real decreto Lei 781/1986 polo que se aproba o Texto Reunido das Disposicións vixentes en materia de Réxime local.
- Real Decreto 1496/2003 que regulamenta o deber de expedir factura que corresponde ós empresarios e profesionais.
- Bases de execución do orzamento do exercicio 2012.

ANTECEDENTES

Con data de 3 de decembro, a Alcaldía propón a aprobación da relación de facturas co obxecto de proceder ó seu recoñecemento extraxudicial polo Pleno da Corporación ó non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía.. O importe total ascende a 537.85 €.
A relación de facturas é a que se determina na providencia de inicio do expediente.

INFORME

Primeiro.-Principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios: O artigo 163.5 do TRLRFL e o artigo 25 do RD500/1990 refírense ó principio de especialidade cuantitativa dos créditos orzamentarios no ámbito local. Ditos créditos teñen carácter limitativo e vinculante, por eso non poden adquirirse compromisos de gasto por cuantía superior ó importe dos créditos autorizados no estado de gastos. A infracción do principio orzamentario penalízase coa nulidade de pleno dereito dos acordos, resolucións e actos administrativos que incurran na mesma.

Segundo.-Principio de anualidade orzamentaria: O artigo 26 do RD 500/90, que transcribe casi literalmente o artigo 163 do TRLRFL, refírese ó principio de especialidade temporal, según o cal con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento solo poderán recoñecerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servicios e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Aínda así, aplicaránse ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as seguintes obrigacións:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós Orzamentos Xerais da Entidade.
- As derivadas de compromisos de gasto debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación de créditos no suposto establecido no artigo 163.3.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RD 500/90. Neste último artigo cítase a figura do **recoñecemento extraxudicial** de crédito.

Terceiro.- Concepto de recoñecemento extraxudicial de créditos: A xurisprudencia do Tribunal Supremo (Sentencias de 12 de febreiro de 1990, 25 e 8 de outubro de 1986) atenúa o rigor na aplicación dos principios citados ó contrastarlos coa "Teoría do enriquecemento inxusto", pola que "no se pode alegar como impedimento en el cumplimiento de la obligación de pago la ausencia de ciertas formalidades."

Ademáis debemos ter en conta os principios de confianza lexítima e boa fe que deben presidir as relacións entre as Administracións Públicas e os cidadáns. Estes principios, que xa foran recoñecidos pola xurisprudencia contencioso-administrativa, incorporáronse ó dereito positivo na Lei 4/99, que modifica parcialmente a Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común.

Do anterior dedúcese que o nome de "recoñecemento extraxudicial de crédito" deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adxudicación correspondente, derivan de prestacións de servicios, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizan, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En todo caso, e aínda cando da interpretación dos artigos 26.2 c) e 60.2 do RD 500/90 pode desprenderse que, previo recoñecemento do Pleno, poden aplicarse ó orzamento vixente gastos realizados en exercicios anteriores, debe entenderse, como xa sinalou a Audiencia de Contas de Canarias, que esta excepción se contempla para convalidar situacións puntuales e irregulares e non como posibilidade regulada, na maior parte dos supostos, para realizar sistemáticamente gastos sin a

suficiente consignación orzamentaria, **debéndose evitar no posible a utilización desta figura controvertida.**

Con igual claridade se manifesta o Consello de Contas de Galicia no informe de fiscalización do Concello de Boqueixón do ano 2000, que tras considerar censurable a utilización recorrente deste mecanismo xeneralizando así un procedemento que a lei prevé como excepcional para a protección de terceiros, sinala que:

“...tal excepcionalidad requiere la tramitación de un expediente para cada caso concreto en el que debería constar un informe o memoria del órgano gestor del gasto en el que se justifique cuáles fueron los motivos que dieron lugar a la realización de gastos sin ajustarse al procedimiento legalmente establecido”

Cuarto.- Enriquecemento inxusto da Administración: A proposta pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración. No noso dereito, e a falta dun texto legal que consagre dito principio, foi a xurisprudencia a que fixo múltiples aplicacións da idea, que pode por elo considerarse como doutrina xurisprudencial.

Si finalmente se considera que o servizo debe de ser abonado polo concello, danse os requisitos para que prospere dita petición, xa que o concello obtería unha ventaxa patrimonial (servizo executado) e o contratista veríase empobrecido pola ventaxa obtida polo concello e non existiría causa que xustificase a merma patrimonial dos terceiros afectados.

Ademais os retrasos no recoñecemento e abono de obrigas poden dar lugar á reclamación de xuros de demora, co conseguinte perxucio económico para o concello.

Quinto.- Competencia: A base 31ª de BE/12, referida ó recoñecemento extraxudicial dos créditos, dispón que “1.1. - O recoñecemento extraxudicial de créditos corresponderá ó Pleno cando no expediente tramitado ó efecto non se acredite a existencia de crédito dispoñible suficiente nas partidas orzamentarias de aplicación, todo elo de conformidade co establecido no artigo 60.2 en relación co artigo 26.1 c) do Real Decreto 500/1990. En todo caso, enténdese que existe dotación orzamentaria cando o orzamento en vigor prevea aplicacións orzamentarias específicas para gastos relativos a exercicios anteriores e se correspondan cos que sexan obxecto de recoñecemento extraxudicial”.

Nas aplicacións orzamentarias ás que se imputan as facturas que figuran na proposta de Alcaldía non existía crédito dispoñible para os gastos do exercicio anterior aprobándose con carácter previo á tramitación do presente expediente expediente modificativo de crédito co fin de habilitar crédito para este fin, polo que o **órgano competente para o recoñecemento extraxudicial de crédito será o pleno** de conformidade co previsto nas BEO/12. Así a BEO 31ª determina que:

“1.4. O **recoñecemento extraxudicial de créditos que lle corresponde aprobar ó Pleno** esixe os seguintes trámites:

a) Recoñecemento da obriga, mediante a **explicitación** circunstanciada de todos os **condicionamentos que orixinaron a actuación, motivando a necesidade** de facer fronte, a favor do interesado, ao valor dos gastos ocasionados pola realización da prestación.

b) **Existencia de dotación orzamentaria específica**, adecuada e suficiente para a imputación do respectivo gasto, xa sexa mediante consignación inicial ou posterior ou ben derivada dunha modificación tramitada para o efecto.

A dotación orzamentaria, de existir no orzamento para gastos, en principio, do mesmo exercicio, requirirá o informe do órgano de xestión competente acreditando a posible imputación do gasto sen que se produza prexuízo nin ningunha limitación para a realización de todas as atencións do exercicio corrente na conseguinte aplicación orzamentaria.

O expediente para o recoñecemento da obriga deberá conter, como mínimo, os seguintes documentos:

a) Memoria xustificativa realizada polo Alcalde, sobre os seguintes extremos:

- Xustificación da necesidade do gasto efectuado e causas polas que se incumpriu o procedemento xurídico-administrativo e/ou orzamentario correspondente.

- Data ou período de realización.

- Importe da prestación realizada.

b) Factura detallada, ou documento que acredite a realización do gasto, da prestación realizada debidamente conformada polos responsables do servizo e, se é o caso, certificación de obra.

c) Informe do concelleiro correspondente co Vº e Prace do Alcalde, nos casos de imputación ao orzamento do exercicio corrente, de que non existe ningún impedimento ou limitación a esta aplicación do gasto en relación coas restantes necesidades e atencións da aplicación orzamentaria durante todo o ano en curso.

Noutro caso, o expediente de Recoñecemento Extraxudicial requirirá a tramitación previa ou simultánea de modificación de créditos.

d) Documento pre-contable "ADO" (Autorización, Disposición de Gasto, Recoñecemento e Liquidación da Obriga) no caso de que se imputase a créditos do exercicio ou proposta previa ou simultánea de modificación de crédito que permita asumir os gastos de exercicios anteriores. Neste último caso, se a aprobación inicial da modificación de crédito é simultánea á aprobación do Recoñecemento Extraxudicial de Créditos farase constar no acordo que a eficacia do dito recoñecemento queda condicionada á validez e eficacia da modificación acordada. Na medida en que a modificación non sexa eficaz, non poderá procederse á imputación orzamentaria dos gastos e ao seu pagamento.

e) Informe da Intervención Xeral.

Necesidade de verificar a existencia de consignación orzamentaria: Previamente á aprobación do REC, debe asegurarse no orzamento corrente a existencia de consignación orzamentaria suficiente, podendo procederse á dotación, de ser necesario, mediante o expediente de CE, SC ou TC, no seu caso.

Sexto.- Os documentos presentados reúnen os requisitos esixidos polo artigo 6 do Real Decreto 1496/2003, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.

Sétimo.- As facturas/documentos substitutivos están conformadas polos concelleiros responsables nos termos esixidos polas BEO., o que implica que efectivamente o gasto foi realizado

CONCLUSIÓN.-

A fiscalización desta intervención en relación co presente expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/12 é de reparo sen efectos suspensivos en relación coas facturas obxecto do presente expediente.

Reitérase novamente, a necesidade de evitar a utilización desta figura controvertida que a lei prevé como excepcional.

En todo caso, advertir da necesidade de que posto que se está a imputar gasto do exercicio anterior ó corrente, deberase efectuar un adecuado control do gasto no exercicio co fin de evitar estas situacións.

Segundo criterio da que suscribe o presente informe, si se acreditase a obrigación do concello de facer fronte ós gastos descritos, procedería, dado que non existe crédito no orzamento do presente exercicio para facer fronte ó gasto que se propón, que polo Pleno e baixo a súa responsabilidade, se procedera a recoñecer extraxudicialmente o crédito a favor dos terceiros antes relacionados. Non obstante, deben de poñerse de relevo as consecuencias negativas derivadas da tramitación deste tipo de expedientes, sendo entre outras:

* Xurídicas:

Co incumprimento da legalidade aplicable na realización do gasto público e a posible existencia e esixencia de responsabilidade de diversos tipos (administrativa, civil penal); debéndose ter especialmente en conta o establecido ó respecto na lexislación vixente, entre outras: o artigo 60 do TRRL dispónse que:

"Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que, por dolo o culpa o negligencia, adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones legales, estarán obligados a indemnizar a la Corporación Local los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder."

Con respecto ó indicado, no artigo 78 da LRBRL establécese que:

"1. Los miembros de las Corporaciones locales están sujetos a responsabilidad

civil y penal por los actos y omisiones realizados en el ejercicio de su cargo. Las responsabilidades se exigirán ante los tribunales de Justicia competentes y se tramitarán por el procedimiento ordinario aplicable.

2. Son responsables de los acuerdos de las Corporaciones locales los miembros

de las mismas que los hubieran votado favorablemente.

1. Las Corporaciones locales podrán exigir la responsabilidad de sus miembros cuando por dolo o culpa grave, hayan causado daños y perjuicios a la Corporación o a terceros, si éstos hubiesen sido indemnizados por aquella."

No artigo 225.1 do ROF establécese que :

"Las entidades locales podrán instruir expediente, con audiencia del interesado, para declarar la responsabilidad civil de sus autoridades, miembros, funcionarios y dependientes que, por dolo o culpa o negligencia graves, hubieren causado daño y perjuicio a la Administración o a terceros, si éstos hubieran sido indemnizados por aquella."

Así mismo deberase ter en conta o establecido nos artigos 140 a 146 da LXO; no artigo 140 da citada Lei establécese que:

"Las autoridades y funcionarios de cualquier orden que por dolo, culpa o negligencia graves adopten resoluciones o realicen actos con infracción de las disposiciones de esta Ley estarán obligados a indemnizar a la Hacienda Pública los daños y perjuicios que sean consecuencia de aquellos, con independencia de la responsabilidad penal o disciplinaria que les pueda corresponder."

* Económico-orzamentario:

Derivado de que os gastos corresponden ó exercicio 2011 que teñen a consideraión de pechados cos conseguintes quebrantos económicos á facenda municipal, distorsionando o resultado orzamentario real.

*Comercial:

Así mismo deberase ter en conta o quebranto económico causado a diversos proveedores.

OBSERVACIONES

-Fiscalízase desfavorablemente e sen efectos suspensivos, debido á conveniencia de non reiterar os reparos por un mesmo motivo as facturas que son obxeto do presente expediente.

Nestes casos consta únicamente as facturas conformadas polo concelleiro responsable, obviándose (tendo en conta os importes dos contratos) a realización dos trámites para a preparación e adjudicación dos contratos. En definitiva, **atopámonos ante unha mera contratación verbal** carente de procedemento pero non de consecuencias. Recordemos que, a TRLCSP no seu artigo 28 relativo ó carácter formal da contratación do sector público que determina que " Los entes, organismos y entidades del sector público no podrán contratar verbalmente, salvo que el contrato tenga, conforme a lo señalado en el artículo 97,1, carácter de emergencia". Admitido pois que estamos ante unha contratación verbal esta debe ser conxugado co principio de enriquecemento inxusto da administración e que implica a necesidade de que o concello quede obrigado ó pago das prestacións recibidas."

Por outra banda, a fiscalización previa do gasto ven esixida non solamente polo TRLCSP senón tamén polo TRLHL e as Bases de Execución, que foi omitida nestes expedientes. Esta ausencia da fiscalización constitúe unha irregularidade que esixe o trámite da súa convalidación mediante o correspondente acordo do órgano competente, neste caso Alcaldía, para recoñecer a obriga de pago, a fin de facer posible que uns gastos realizados sen o preceptivo control interno e preventivo poidan ser satisfeitos ós terceiros afectados.

De todo o anterior, pode **concluirse que:**

- **O concello procedeu á contratación verbal destes servicios**, contratación que se atopa prohibida polo TRLCSP salvo nos casos de emerxencia.
- O concello non pode omitir as consecuencias desa contratación verbal en virtude do principio de enriquecemento inxusto da Administración.

Por outra banda, e sen que a presente consideración forme parte do control de legalidade que corresponde a esta Intervención, dende unha perspectiva económica e de eficacia e eficiencia, infórmase, pola que asina o presente informe, que sería igualmente beneficioso para o Concello a utilización dos procedementos establecidos na normativa contractual, de cara a alcanzar os obxetivos de estabilidade orzamentaria e control do gasto. A conclusión sería que acudir os procedementos establecidos, dende unha perspectiva económico-financieira, suporía unha eficiente utilización dos

fondos destinados a realización de obras, a adquisición de bens e a contratación dos servizos mediante a esixencia da definición previa das necesidades a satisfacer, e salvagada da libre competencia e a selección da oferta económica mais ventaxosa.

Fene, a 3 de decembro de 2012

A Interventora

Marta Roca Naveira.”

Considerando que no informe da Intervención municipal de fiscalización do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos pónse de manifesto, entre outras cuestións, a necesidade de que polo concello se procedese ó recoñecemento e pago das citadas facturas pois noutro caso estaría a producir un enriquecemento inxusto da administración.

Dado que as facturas ás que se fixo referencia corresponden todas elas a exercicios anteriores ó presente, polo que para proceder á súa aprobación deberá procederse ó seu recoñecemento extraxudicial de créditos. O nome de “recoñecemento extraxudicial de crédito” deriva da posibilidade que teñen as Entidades Locais para proceder a recoñecer aquelas obrigas económicas que, aínda incumprindo a norma de non ter consignación orzamentaria ou de non seguir o procedemento de adjudicación correspondente, derivan de prestacións de servizos, execución de obras ou entrega de materiais que efectivamente se realizasen, evitando así a necesidade de iniciar as accións xudiciais correspondentes por parte dos contratistas, que serían estimadas en base á citada teoría do enriquecemento inxusto. De ahí deriva o nome de recoñecemento extraxudicial en canto vense a substituír ós órganos xudiciais.

En definitiva, a proposta de recoñecemento extraxudicial pretende que o Concello recoñeza como propias as obrigas para con terceiros derivadas das prestacións por éstos realizadas en anos anteriores, evitando así o enriquecemento inxusto da Administración.

Considerando que tal e como se puxo de manifesto no informe da intervención municipal no orzamento do exercicio 2012 non existía crédito para imputar estes gastos polo que con carácter previo a este expediente habilitouse o crédito adecuado e suficiente nas aplicacións orzamentarias afectadas, o que implica que nestes casos a competencia para o recoñecemento extraxudicial de crédito corresponde ó Pleno en virtude do contido das BEO.

Por todo o anterior, esta Alcaldía emite a seguinte proposta de acordo para que pola Xunta de Goberno Local se adopten os seguintes acordos:

1º Aproba-lo recoñecemento extraxudicial das facturas relativas ó expediente de recoñecemento extraxudicial nº 8/2012 por un importe total de 537.85 €.

2º A conseguinte aprobación e ordenación do seu pagamento, da relación de facturas con cargo ás aplicacións orzamentarias de aplicación dacordo co detalle que se adxunta a continuación:

Nº Fact	NºReg.	Proveedor y Concepto	Aplicac. Orz	Base	IVA	Importe €)
TA3YM0423695	3036	Telefónica España, SAU	920/22290	378.03	68.05	446.08
TA3YM04288783	3482	Telefónica España, SAU	920/22290	77.77	14.00	91.77

3º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

En Fene, a 3 de decembro de 2012.

O ALCALDE

Gumersindo P. Galego Feal”

Sometida a votación a urxenza do asunto está é aprobada por 11 votos a favor (6 do grupo do PP e 5 do grupo socialista), con 4 votos en contra do grupo do BNG e 1 abstención do grupo mixto, quedando, polo tanto, ratificada a inclusión do asunto na orde do día.

Toma a palabra o alcalde para expor que esta proposta é para abonar dúas facturas de telefónica que non entraron por cuestión de data.

Remata o turno de intervencións o voceiro do grupo socialista, don Iván Puentes Rivera, que anuncia a abstención do seu grupo vista a data das facturas, pero pide que este tipo de cousas sexan comunicadas á oposición canto antes.

Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto).

PUNTO DÉCIMO SEXTO.-MOCIÓNS

Non se presentan.

PUNTO DÉCIMO SÉTIMO.-ROGOS E PREGUNTAS

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos a tratar a presidencia declara rematado o acto sendo as 18:25 horas, de todo o que como secretaria dou fe.

O alcalde

A secretaria

DILIXENZA: Póñoa eu, secretaria para dar fe de que a presente acta foi aprobada en sesión de 10.1.2013 coa seguinte retificación: no punto 15º da orde do día onde di "Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (5 do grupo socialista, 5 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto)" debe dicir "Sometido o asunto a votación foi aprobado por maioría simple de 6 votos a favor do grupo do PP e 10 abstencións (5 do grupo socialista, 4 do grupo do BNG e 1 do grupo mixto)"

A secretaria